



## BOA PRÁCTICA DE XESTIÓN CULTURAL EN GALICIA 2018



### Asociación Cultural BARBANTIA

Rúa Principal, 77  
Centro Social, 4º Andar  
BOIRO - CP: 15930  
☎ 981-842635 ☎ FAX 981-842725  
[www.barbantia.gal](http://www.barbantia.gal) [www.barbantia.es](http://www.barbantia.es) - [www.barbantia.org](http://www.barbantia.org)  
[barbantia@barbantia.es](mailto:barbantia@barbantia.es) - [barbantia@barbantia.org](mailto:barbantia@barbantia.org)  
[www.cafebarbantia.barbantia.es](http://www.cafebarbantia.barbantia.es) - [www.cafebarbantia.barbantia.org](http://www.cafebarbantia.barbantia.org)

Prezada socia:

Prezado socio:

Un ano máis, a Asociación Cultural Barbantia vai realizar a súa grande festa anual, na que presentaremos o décimo cuarto volume **Anuario de Estudos do Barbanza 2018** e entregaremos os **XII Premios Barbantia da Cultura 2018**.

Os galardoados co **sereo de Barbantia** saíran dunha listaxe na que aparecen os artistas, escritores, axentes culturais e iniciativas nominados anteriormente polos socios e socias. Así mesmo, convidámoste a que nos fagas chegar nomes doutros referentes da cultura da comarca, para incluílos como candidatos na edición do ano 2019.

Para participares na votación, debes escoller un só nome por categoría, recortar esta carta pola liña de puntos e enviar o teu voto ao enderezo postal da sede da Asociación: Centro Social, Rúa Principal, 77, 4º Andar, 15930 (Boiro), **antes do 1 de decembro**. Tamén, podes enviar o voto ao correo electrónico [barbantia@barbantia.es](mailto:barbantia@barbantia.es), sempre antes do 1 de decembro, ou introduciilo na urna que estará nos vindeiros actos de Barbantia ao voso dispor.

Unha vez recollidas e escrutadas as papeletas, porémonos en contacto cos galardoados para citalos na entrega dos sereos, que este ano será o **15 de decembro** no **Auditorio Municipal do Concello de Ribeira**.

Aproveitamos para comunicarvos que o **venres, 30 de novembro** estaremos na **Librería LER d'A Pobra do Caramiñal** presentando o libro **Onde está a miña escola? Mino**, de **Maximino Pérez Abuín**, ás **20:30 h**

Agradecendo que participes connosco nesta festa da cultura barbancesa, envíoches o meu afectivo saúdo, e póñoame ao teu dispor.

**Manuel Cartea**

Presidente de Barbantia

Boiro, 16 de novembro de 2018

PREMIO BARBANTIA 2018 Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA 2018 Á INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA		PREMIO BARBANTIA DA CULTURA GALEGA 2018	
M <sup>a</sup> José Paz Franco - Maralla		A. C. Terra de Outes		Blanca-Ana Roig Rechou	
Enrique Paisal		A Pousada das Ánimas		Clodio González Pérez	
Ana Blanco		Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Barbanza		Manuel Olveira	

### SUXESTIÓNS Premios Barbantia da Cultura 2019:

Á TRAXECTORIA CULTURAL NO BARBANZA	INICIATIVA CULTURAL NO BARBANZA	CULTURA GALEGA